


CASO FINCA MACEIRAS: A MENTIRA CONTINUÁ

Ante a resposta do concelleiro de Medio Ambiente ao noso comunicado onde informabamos sobre o aterramento dunha finca a carón do río Maceiras, só podemos contestar que, **ou minte agora ou mentiu antes**. E imos demostralo con documentación do propio Concello, que el mesmo manexa e debería coñecer como responsable máximo do departamento.

Así pois, segundo as afirmacións do concelleiro de Medio Ambiente na prensa do día 15/03/2017:

1.- "[...]"a día de hoxe nesa finca só hai terra procedente do Maceiras e das riadas que sufrimos o pasado ano, e procederase a súa retirada en canto sexa posible"[...]"

Non obstante, en resposta con data 11/08/2016 ao rexistro de AER do 01/06/2016 onde se pedía información pola acumulación dos restos da limpeza do Maceiras, dende o Concello indicouse:



María del Carmen Amparo Duhalde (1 para 1)
Data de Simulacro: 11/08/2016
HASH: 5073876188335e0f0311948a2ca04ed35

Expediente nº: 4661/2016
Asunto: Solicitudes de información grupos municipais – Agrupación de Electores de Redondela (AER)

01/06/2016 RE 7775 Sobre restos das obras do AVE depositados nunha finca privada á altura da rúa Rabadeira. 13 por mor da limpeza do río Maceiras

Infómolle de que o depósito foi provisional coa fin de permitir o discurso das augas do río Maceiras, evitando así desbordamentos e o arrastre de escombros.

O depósito permaneceu na finca o tempo estritamente necesario para o seu secado e posterior traslado para o seu tratamento residual.


Na primeira quincena de xuño o escombros xa fora retirado.

Preguntámonos entón: en que quedamos, retiráronse as terras ou seguen alí?

Na prensa do día 15/03/2017 o Concelleiro de Medio Ambiente tamén afirma:

2.- "[...]"Neste sentido aseguran que o propietario da finca en cuestión "limitouse a colaborar desinteresadamente co concello, cedendo temporalmente a súa propiedade para facer acopio de terras e materiais procedentes de obras públicas realizadas en interese dos veciños"[...]"

E como resposta con data 08/06/2016 ao rexistro de AER do 01/06/2016 pedindo información pola acumulación dos restos da limpeza do Maceiras, o propio alcalde indicaba:



En que quedamos: colabora o veciño co Concello ou vostedes non tiñan esa información?

Na prensa do día 15/03/2017, o concelleiro de Medio Ambiente indica:

3.- "[...] Asegura ademais o edil que "en canto se tivo coñecemento da denuncia, os servizos de vixilancia achegáronse ao lugar e comprobaron que non había cascallos nin refugallos na finca".[...]"

AER nunca denunciou, e ao igual que a veciñanza afectada, de xeito totalmente lexítimo, unicamente solicitou en reiteradas ocasións información por rexistro acerca dos permisos para realizar estes acopios de terras e para as obras que deron lugar a un recheo dunha finca dentro da zona de policía do río Maceiras. Polo súa parte, a veciñanza afectada, ante a falta de medidas e respostas a estas solicitudes por parte do Concello, procedeu a interpoñer denuncia urbanística no Concello e en Augas de Galicia.



No que respecta á petición do Concelleiro de Medio Ambiente de que AER debe pedir desculpas por atacar a honra dun veciño:

"[...]AER faga exame de conciencia e pida desculpas por un ataque gratuíto contra un cidadán cuxo único pecado é ser parente dun cargo do PP".[...]"

AER criticou a pasividade do goberno local ante esta situación, non dando resposta á información solicitada por esta Agrupación e omitindo comunicar estes feitos a Augas de Galiza. Literalmente, a nosa nota indica:

"[...] Despois de 8 meses e vistas as resolucións tomadas polo Concello neste caso temos a obriga de preguntarnos:

Terá algo que ver que o propietario da finca denunciada sexa familia en primeiro grado dun coñecido membro do PP de Redondela actualmente deputado autonómico?[...]"

Coñecendo agora que o veciño denunciado estaba colaborando co Concello, os que deberían pedirlle desculpas son vostedes xa que o levaron a cometer unha ilegalidade, ou o que tal vez podería ser peor; o goberno local como responsable deses depósitos das que non proporcionan autorizacións, puido ter cometido unha ilegalidade dentro dunha parcela dun veciño comprometéndoos tal como está acontecendo.

Recordámoslles ao equipo de goberno, nomeadamente ao concelleiro de Medio Ambiente, que na zona de policía do dominio público hidráulico non se poden facer este tipo de actuacións sen os correspondentes permisos. A zona de policía comprende cen metros desde o dominio público hidráulico (DPH) e nesa superficie e precisa a pertinente autorización para:

- Tallado de árbores
- **Alteracións substanciais do terreo**
- Extracción de áridos
- Construcións, xa sexan fixas ou provisionais



Fotografía núm. 1 –Vista da finca colindante na Rabadeira, á altura do núm. 17 , de Redondela.



Fotografía núm. 2 –Vista do lugar onde se pode apreciar ditas tarefas denunciadas na Rabadeira.

Se isto non é unha alteración substancial do terreo, recomendamos ao concelleiro e a quen o secunde, que vaia facerse unha revisión da vista ou cando menos, a unha relectura da normativa sectorial da que debería ter unhas mínimas nocións.

Redondela, 15 de marzo de 2017